

OUTONO, TEMPO DE COLLEITAS

Chegou Santos, San Martiño,
tempo de chuvias e fríos;
ocasión de abri-lo viño,
de asar castañas ós críos.

Polo San Martiño,
no mes de novembro,
trompos ó camiño,
xogo que non lembro.

Son como bolboreta
que viaxa no verán:
no trasteiro a bicicleta,
e nós a rimar en van.

Felices grilos grileiros
na primavera que cantan,
nós aquí todos riseiros,
as cabezas non descansan.

¿Cando acaba esta estación?
¡No inverno quero entrar!
Anque chova a cachón,
comeza con Baltasar.

Con Baltasar e Melchor,
Agasallo e fantasía.
Esta festa é a mellor.
¿Cando chegará ese día?

Aínda non lles escribín,
con moita impaciencia espero,
pero como son tan magos,
han de sabe-lo que quero.

Gracias, Melchor e Gaspar.
Gracias, mamá e papá.
Prometo moito estudar.
A cambio, ¡un regalo para acá!

Chegou o outono rexio,
con prácidos atardeceres.
Chegou o querido colexio
Con tódolos seus deberes.

Este outono triste
matou o verán.
Espantou as aves
que veñen e van.

As cobras adormecen
con outros animais,
as luces languidecen
nos campos herbais.

Zoa o vento na ventá,
o mestre explica a lección,
os nenos miran alá
sen moita concentración.

A chuvia zorrega fóra,
na rúa, paraugas rompoidos,
e nós metidos na cova
coma auténticos cativos.

¡Que ben estaría na cama
nestas mañás do outono!
Hai que deixa-lo pixama
e ir ó traballo co mono.